

PROGRESO TECNOLÓXICO E CRISE ECONÓMICA

Benigno Sánchez García

Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais
Xunta de Galicia

Quixera agradecer ós organizadores deste interesante Simposium a súa invitación, para expoñer, co esquematismo que impón o ter que facelo en tan pouco tempo, algunhas ideas sobre as relacións laborais e a crise económica.

Hai que comezar sinalando que son estes tempos de grandes cambios que, ademais, se producen cunha grande celeridade.

A estes cambios non podía ser alleo o mundo das relacións laborais e das normas que as regulan.

Para reflectir con nitidez a importancia de tales cambios na orde laboral, podemos partir da situación en que prestaba os seus servicios un traballador-tipo de non fai moitos anos: estaba ligado á súa empresa por unha relación de carácter indefinido; traballaba ó longo de toda a xornada; a cambio dun salario fixo no que, ou non existía porción algunha variable, ou, de existir, era moi pequena; o traballo se desenvolvía nun centro de traballo da empresa, exercendo o empresario un control directo sobre o xeito de realizarse; e o traballador, finalmente, desempeñaba as

tarefas que constituían o contido dunha categoría profesional, previamente definidas unhas e outra, xeralmente, en normas regulamentarias do Estado

Comparar esta situación coa de hoxe dá idea do moito que variaron as cousas.

¿Debido a que factores?

Ó meu xuízo, hai dous centrais: O progreso tecnolóxico e a crise económica.

- 1) **O progreso tecnolóxico** impacta nas necesidades de estrutura do cadro de persoal das empresas; altera o contido das funcións a desenvolver, impondo a superación dos límites que se derivan da pertenza a unha concreta categoría profesional, mediante esquemas flexibles de mobilidade funcional, que teñen clara expresión en fenómenos como o da polivalencia. O progreso tecnolóxico provoca, nos sectores máis dinámicos, índices superiores de rotación laboral; impón tamén a alteración na estrutura das retribucións, de xeito que nas empresas "menos tradicionais", dende o punto de vista tecnolóxico, se combinan percepcións fixas con outras ligadas á consecución de determinados obxectivos, a través de técnicas moi diversas. O progreso tecnolóxico favorece a xeneralización das subcontratacións, tendendo as empresas "nais" a allea-las actividades que xeran menor valor engadido e que precisan dunha utilización máis intensiva de man de obra, como é fácil apreciar, por exemplo, no sector da construción. Finalmente, o progreso tecnolóxico fai necesario un enfoque radicalmente diferente do papel a xogar polos recursos huma-

nos, que pasan a desempeñar unha función esencial, en canto que son o elemento clave da produtividade e competitividade das empresas.

- 2) O outro factor central da transformación das relacións laborais foi, e está sendo, **a crise económica**.

Non temos tempo de afondar nas súas características (básicamente: neste momento non cumprimos ningún dos obxectivos de converxencia previstos no Tratado de Maastricht), aínda que, sequera brevemente, temos que facer alusión ó seu rasgo de máis relevo: o desemprego. Este é sen dúbida o problema de máis calado do noso país e o que ocasiona máis desgarradoras consecuencias nos planos individual e social.

Tamén é o problema de máis difícil solución, debido ás peculiaridades do paro, en Galicia e en España, entre as que cabe destacar:

- a) A nosa economía ten que crecer moito máis que as do entorno, como recorda o Libro Branco da Unión Europea, sobre o crecemento, a competitividade e o emprego (iniciativa do entón presidente da Comisión, J. Delors), nunha detallada análise do comportamento do PIB e do emprego nos últimos 23 anos. Noso país non é capaz de crear emprego con incrementos do PIB por debaixo do 3,5%.
- b) Nos períodos de recesión económica, (como o vivido en 1992 e 1993), pequenas (aínda que importantes, dende logo) variacións negativas do PIB tradúcese en notables incrementos do desemprego, maiores que os rexistrados polos países do noso entorno,

pese a que algúns deles sufriron descensos superiores do PIB.

- c) Os problemas do emprego tiveron o seu referente máis dramático no sector industrial, que viu destruír case medio millón de postos de traballo entre 1990 e 1993.

Polo demais, a crise económica ten en Galicia matices diferenciadores que, en moitos sentidos, a fan máis grave en relación co conxunto do Estado, sobre todo, polos problemas derivados dos graves desaxustes da estrutura da nosa economía, entre os que destaca, ó meu xuízo, como máis sobresaliente, o de que un tercio da poboación ocupada (no sector primario) apenas aporta ó PIB o 9%, o que dá idea dos niveis de subemprego e escasa produtividade, sobre todo, do sector agrario.

¿Que consecuencias suscita todo isto no plano laboral? Parecen claras á luz do que levamos dito:

- Hai evidente escasez de empregos.
- O traballo ten un carácter menos estable, o que supón a ruptura dun principio clásico do Dereito do Traballo: o principio de estabilidade no emprego.
- As normas que regulan a relación laboral teñen un sentido menos "tuitivo" ou garantista para o traballador. Nesta liña profundiza a reforma laboral levada a cabo o ano pasado, ó abri-lo espazo da negociación colectiva a moitos aspectos que antes eran obxecto de regulación pola norma do Estado.

- O traballo a domicilio esténdese non só ás actividades nas que tradicionalmente tivo (e ten) importancia, senón tamén a outras novas, ligadas ás posibilidades que ofrecen os avances da telemática.

- Increméntase o número de contratos a tempo parcial, aínda que de xeito menos xeneralizado do que cabería esperar, atendendo ó que ocorre noutros países da UE.

- Aumenta a importancia da "economía oculta" ou somer-xida, que podería supor en España o 25% do PIB (Reino Unido, 6,5% / Grecia, 30%).

Obviamente, esta é a situación que propicia as peores condicións de subemprego, resultando, polo demais, moi negativa para a competencia.

Non quixera deixar de dicir que, dende o punto de vista laboral, me parece moi necesario o afondamento na liña do acordo e a negociación como método para afrontar os problemas. Xustamente, esta é a tarefa esencial que pretendemos desenvolver dende o Consello de Relacións Laborais, con resultados alentadores, por exemplo, no terreo da solución privada dos conflitos laborais. Neste mesmo senso, cabe destacar que hai tres días, no marco do Consello, as organizacións empresariais (CEG) e sindicais (UGT, CC.OO., CIG) acordaron a constitución dun grupo de traballo de seguimento da negociación colectiva en Galicia, coa finalidade de contribuír á fluidez do proceso negociador.

Trátase de manifestacións claras da madurez dos nosos axentes sociais, que sinalan o camiño que, ó meu xuízo, habería que seguir para que o da paz social non sexa un problema engadido para a recuperación económica.